

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FOMENTO

10888 Orde FOM/1841/2010, do 5 de xullo, pola que se desenvolven os requisitos para a certificación dos provedores civís de formación de controladores de tránsito aéreo.

O Ceo Único Europeo é unha iniciativa da Unión Europea cuxo obxectivo é a mellora da eficacia global do sistema de navegación aérea en Europa, que permita o funcionamento seguro e regular dos servizos de transporte aéreo e que facilite a libre circulación de mercadorías, persoas e servizos. Con estes fins estableceuse un marco normativo comunitario a través do cal se pretende alcanzar unha organización máis racional do espazo aéreo, que incremente a súa capacidade e garantía de seguridade en todo o ámbito europeo.

No contexto da implantación desta iniciativa comunitaria adoptouse, entre outras medidas, a Directiva 2006/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo. Esta directiva foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.

O Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, establece que a prestación de servizos de formación aos controladores de tránsito aéreo así como o procedemento de avaliación, estarán suxeitos a certificación da autoridade nacional de supervisión, neste caso, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

A emisión da certificación dos provedores civís de formación de controladores de tránsito aéreo está suxeita ao cumprimento dos requisitos previstos no citado Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, cuxa verificación corresponde, así mesmo, á Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Ademais, a Lei 9/2010, do 14 de abril, pola que se regula a prestación de servizos de tránsito aéreo, se establecen as obrigas dos provedores civís deses servizos e se fixan determinadas condicións laborais para os controladores civís de tránsito aéreo, na súa disposición adicional terceira, contén disposicións relativas á formación de persoal de tránsito aéreo.

Esta orde, ditada de conformidade coa habilitación conferida pola disposición derradeira cuarta do citado real decreto e de acordo co previsto na disposición derradeira cuarta da Lei 46/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, desenvolve os requisitos que deben acreditar os provedores civís de formación de controladores de tránsito aéreo e regula o procedemento para a obtención da certificación e os procedementos de avaliación e aprobación dos plans de formación.

Na súa virtude, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto desenvolver os requisitos que deben acreditar os provedores civís de formación de controladores de tránsito aéreo, en diante provedores de formación, e regular o procedemento para a obtención do certificado de provedor de formación.

Así mesmo, regula o procedemento de avaliación e a aprobación dos plans e cursos de formación.

2. Están incluídas no ámbito de aplicación desta orde todas as persoas, físicas ou xurídicas, que teñan en España o seu lugar principal de operacións e, se for o caso, a súa sede social, e vaian prestar servizos de formación aos controladores de tránsito aéreo.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde, enténdese por:

1. Profesor de formación inicial, a persoa encargada da ensinanza durante a formación inicial, xa sexa básica ou de habilitación.
2. Profesor de formación de unidade de transición previa á formación práctica de traballo, persoa encargada da formación de unidade na súa fase de transición previa á formación práctica de traballo.
3. Instrutor, persoa encargada da formación de unidade, na fase de formación práctica de traballo.
4. Profesor de formación de instrutor, a persoa encargada da formación dos controladores de tránsito aéreo para a anotación de instrutor.
5. Examinador ou avaliador da formación inicial, persoa encargada da avaliación da formación dos alumnos durante a formación inicial, xa sexa básica ou de habilitación.
6. Examinador ou avaliador da formación de unidade, persoa encargada da avaliación da formación de unidade.

Artigo 3. *Competencias.*

1. O director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea é o órgano competente para resolver os procedementos regulados nesta orde.

As resolucións do director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea poñen fin á vía administrativa e poderán ser impugnadas potestativamente en reposición perante o mesmo órgano, no prazo dun mes, ou directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea verificará o cumprimento dos requisitos establecidos nesta orde mediante a revisión da documentación presentada, e poderá realizar, se for o caso, calquera outra actuación que considere pertinente para supervisar o seu cumprimento. En particular, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá supervisar a realización das probas ou avaliacións de aptitude en calquera das súas fases ou na súa totalidade.

Así mesmo, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea verificará que a organización, persoal e instalacións que vaian prestar servizos en territorio español e, se for o caso, o manual de instrución, incluídos os cursos de formación, dos provedores de formación certificados pola autoridade nacional de supervisión doutro Estado membro cumpren cos requisitos establecidos pola normativa aplicable para a certificación e coas condicións do certificado.

3. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea supervisaré periodicamente cada provedor de formación certificado para verificar o mantemento dos requisitos exixidos para a certificación, de acordo co previsto no Real decreto 98/2009, do 5 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de inspección aeronáutica.

Sen prexuízo da supervisión do provedor de formación que realice a autoridade nacional de supervisión do Estado membro de certificación, correspóndelle á Axencia Estatal de Seguridade Aérea o control do cumprimento do previsto no número 2, segundo parágrafo, se for o caso, de acordo cos acordos de colaboración que a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poida subscribir coa dita autoridade nacional de supervisión.

CAPÍTULO II

Certificación dos provedores de formación

Artigo 4. *Prestación de servizos de provedor de formación.*

1. Os cursos de formación inicial, formación de unidade e formación continua, válidos para obter a licenza de alumno controlador de tránsito aéreo e obter e manter a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo expedida en España pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, incluíndo as súas correspondentes habilitacións e anotacións, só poderán ser proporcionados polos provedores de formación certificados pola dita axencia e polos provedores cuxo certificado fose recoñecido por ela, conforme o previsto no artigo 12.

Estes provedores de formación son, así mesmo, os únicos autorizados para realizar as correspondentes probas ou avaliacións de aptitude, coa excepción prevista no capítulo IV, sección 3.^a

2. A formación práctica de traballo xestionando tráfico real unicamente poderá ser impartida por prestadores designados para a prestación de servizos de control de tránsito aéreo que fosen certificados como provedores de formación.

3. O manual de instrución, os plans de formación inicial, de formación de unidade e de formación de instrutores, o plan de capacitación de unidade, e, se for o caso, as súas sucesivas modificacións, deben ser aprobados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

No mesmo acto da certificación como provedor de formación a Axencia Estatal de Seguridade Aérea aprobará o manual de instrución e os plans de formación inicial, de formación de unidade e de formación de instrutores e validará o plan de capacitación de unidade, segundo sexa o caso. As súas sucesivas modificacións aprobaranse conforme o previsto no artigo 10.

Artigo 5. *Condicións da solicitude.*

1. A solicitude para a obtención do certificado de provedor de formación deberase formalizar no modelo único que figura no anexo II e nela relacionaranse todos os servizos de formación, de entre os establecidos no anexo III, para os que se solicita a certificación.

A solicitude poderase presentar nos lugares sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, dirixida á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, ou por medios electrónicos, de conformidade co previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

2. Xunto á solicitude presentarase a documentación relacionada no punto correspondente do anexo I, así como a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previstos no capítulo III e IV.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta orde, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea requirirá o interesado para que a emende ou presente os documentos exixidos no prazo de dez días hábiles, con indicación de que, se así non o fixese, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 6. *Normativa aplicable ao procedemento de certificación.*

No non previsto nesta orde, aos procedementos regulados neste capítulo seralles de aplicación o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Real decreto 98/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de inspección aeronáutica.

Artigo 7. *Expedición do certificado.*

1. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea expedirá o certificado de provedor de formación co contido mínimo previsto no artigo 31 do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, polo que se regula a licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, en idiomas castelán e inglés.

2. Transcorrido o prazo de seis meses desde a data de presentación da solicitude, sen que se emitise a certificación de provedor de formación solicitada, a solicitude entenderase desestimada conforme o previsto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

3. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá establecer, de forma motivada, limitacións na certificación dos provedores de formación, explicitando as ditas limitacións no correspondente certificado.

Artigo 8. *Eficacia.*

1. A eficacia dun certificado extinguirase automaticamente se o provedor de formación non presta ningún dos servizos para os que obtivo o certificado no prazo máximo de dous anos a partir da data da súa obtención, ou se, tendo iniciado a prestación de servizos, deixa de prestalos durante un prazo superior a dous anos.

2. O director de Seguridade de Aeroportos e Navegación Aérea, logo de audiencia do provedor de formación, resolverá sobre a ineficacia do certificado. Esta resolución non pon fin á vía administrativa, e poderase interpor contra ela recurso de alzada, previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o director da Axencia Estatal de Seguridade Aérea no prazo dun mes.

Artigo 9. *Limitación, suspensión ou revogación da certificación.*

1. Se o provedor de formación, por causas excepcionais de carácter temporal, non está en condicións de manter o cumprimento das condicións establecidas para a obtención e mantemento do certificado deberá notificarlo á Axencia Estatal de Seguridade Aérea cun plan de continxencia en que se poñan de manifesto as medidas alternativas que vai aplicar para manter as condicións básicas exixibles para a certificación ou para pór fin á situación, así como os prazos de implementación das ditas medidas.

Á vista da comunicación do provedor de formación e do plan de continxencia presentado, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no prazo máximo de dous meses, resolverá sobre a súa viabilidade e instará, se for o caso, a adopción das medidas complementarias que considere precisas.

2. Cando a resolución sobre a viabilidade do plan de continxencia acorde que este é insuficiente ou non se adopten as medidas complementarias acordadas na dita resolución e no prazo previsto nela, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea poderá iniciar de oficio un procedemento para determinar a procedencia de revogar, limitar ou suspender a certificación, ou algún dos tipos de formación para os cales se foi certificado o provedor.

3. Así mesmo, procederá a iniciación de oficio dun procedemento de revogación cando se constate o incumprimento das condicións establecidas para a obtención e mantemento do certificado, cando o provedor de formación incumpra as obrigas previstas no número 1, ou cando os incumprimentos notificados conforme o previsto no dito número non se deban a causas excepcionais de carácter temporal.

4. A resolución da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en que se acorda a limitación, suspensión ou revogación do certificado de provedor de formación deberase ditar, logo de audiencia do interesado por un prazo mínimo de 10 días, no prazo máximo de tres meses desde a data de iniciación.

Transcorrido este prazo sen ter ditado resolución, producirase a caducidade do procedemento. A resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 10. *Cambios e modificacións nas condicións de concesión dos certificados.*

1. Os provedores de formación certificados deberán solicitar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea a aprobación de calquera cambio que poida afectar as condicións de obtención do certificado, incluídos os cambios na documentación presentada na solicitude.

2. O procedemento de aprobación dos cambios que afecten as condicións básicas da certificación axustarase ao disposto nos números 3 e 4.

En todo caso, considérase que afectan as condicións básicas do certificado as modificacións relativas a:

- a) Manual de instrución.
- b) Plans de formación inicial.
- c) Plans de formación de unidade.
- d) Plans de formación de instrutores.
- e) Plan de capacitación de unidade.

3. A solicitude deberase presentar ante a Axencia Estatal de Seguridade Aérea cunha antelación mínima de seis meses á data prevista para a súa implantación, e xuntaráselle a documentación xustificativa preceptiva que resulte pertinente de conformidade co previsto nesta orde.

Na solicitude o provedor de formación debe xustificar que os cambios proxectados non supoñen unha modificación das condicións acreditadas para a certificación.

4. No prazo de seis meses desde a presentación da solicitude, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea debe resolver sobre a procedencia de aprobar os cambios solicitados.

Transcorrido o prazo máximo previsto no parágrafo anterior sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada conforme o previsto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro.

5. Á aprobación dos cambios non previstos no número 2 seralle de aplicación o disposto nos números 3 e 4 coas seguintes singularidades:

- a) A solicitude deberase presentar cunha antelación mínima de tres meses á data prevista para a aplicación do cambio proxectado.
- b) O prazo máximo para resolver sobre a solicitude de cambio é de tres meses desde a data de solicitude.
- c) Transcorrido o prazo máximo previsto na letra anterior sen que se emitise resolución expresa, a solicitude entenderase estimada por silencio administrativo.

6. Non obstante o previsto nos puntos anteriores, cando o provedor de formación se vexa obrigado a introducir cambios por razóns de emerxencia ou estes sexan consecuencia de medidas extraordinarias necesarias para abordar situacións conxunturais, deberá comunicar á Axencia Estatal de Seguridade Aérea tales circunstancias debidamente xustificadas, xunto coa solicitude de aprobación dos cambios que pretende introducir, co obxecto de que esta valore as razóns de urxencia alegadas.

Se a Axencia Estatal de Seguridade Aérea no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao de recepción da solicitude non rexeitase as razóns de urxencia alegadas, o provedor poderá aplicar provisionalmente os cambios notificados mentres non produza o pronunciamiento da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, conforme o previsto nos puntos anteriores.

Artigo 11. *Renovación dos certificados.*

1. As solicitudes de renovación do certificado de provedor de formación presentaranse, dirixidas á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, seis meses antes da data de expiración do certificado en vigor, acompañadas, se for o caso, da documentación actualizada que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos nesta orde, en relación ao tipo ou tipos de formación para os cales foi certificado.

Transcorrido o prazo de seis meses desde a data de presentación da solicitude de renovación sen que haxa pronunciamiento expreso sobre ela da Axencia Estatal de

Seguridade Aérea, esta entenderase desestimada conforme o previsto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro.

2. As solicitudes presentadas nun prazo inferior ao sinalado no número 1 serán ineficaces para a renovación do certificado, que caducará ao finalizar o seu prazo de vixencia, sen prexuízo de que o interesado poida solicitar un novo certificado de formación, de conformidade co establecido nesta orde.

Artigo 12. *Recoñecemento de certificados expedidos noutros Estados membros.*

1. Logo de solicitude polo interesado, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea recoñecerá os certificados expedidos pola autoridade nacional de supervisión doutro Estado membro cando a certificación fose expedida de conformidade coas disposicións e principios recollidos na Directiva 2006/23/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo, para cuxo efecto, se o considera conveniente, poderá consultar o órgano competente da Unión Europea.

Transcorrido o prazo de seis meses desde a data de presentación da solicitude sen que se resolverse sobre o recoñecemento da certificación de provedor de formación, esta entenderase desestimada conforme o previsto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

2. Os provedores de formación certificados pola autoridade nacional de supervisión doutro Estado membro recoñecidos pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea están obrigados a lle comunicar a esta calquera decisión da autoridade nacional de supervisión do Estado membro de certificación relativa á certificación, en particular, en relación coa súa vixencia, eficacia, revogación, cambios ou modificacións e renovación.

3. Os provedores de formación certificados pola autoridade nacional de supervisión doutro Estado membro recoñecidos pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea están obrigados a lle comunicar a esta os cambios que afecten os medios e material previstos no artigo 3, número 2, parágrafo segundo.

Estes cambios deberán ser autorizados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea conforme o disposto no artigo 10.

CAPÍTULO III

Requisitos do provedor de formación

Artigo 13. *Organización e estrutura de xestión.*

1. Para os efectos previstos no artigo 30, letra a), do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, o provedor de formación deberá:

a) Designar unha persoa responsable (xerente) con autoridade corporativa para asegurar que os acordos relativos á formación poden ser financiados e levados a cabo baixo os estándares requiridos pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

b) Garantir que o perfil do persoal conte coa debida cualificación e experiencia para planificar e executar a formación teórica e práctica, así como levar a cabo as correspondentes avaliacións de acordo coa súa certificación.

c) Designar unha persoa como responsable de xestión da calidade na organización.

d) Nomear unha persoa, xefe de formación, como responsable de todo o que comprenda a formación, en particular, o manual de instrución, os cursos e plans de formación.

e) Designar unha persoa como enlace de representación coa Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

2. Os provedores de formación disporán dun documento mestre en que se rexistren, de forma ordenada e codificada, os posibles cambios e modificacións asociadas á certificación que se leven a cabo e as razóns que os xustifican, co propósito de facilitar o seguimento do desenvolvemento da organización.

Artigo 14. *Instalacións e equipamento.*

1. Para os efectos previstos no artigo 30, letra b), do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, o provedor de formación deberá dispor, polo menos, de aulas, simuladores, oficinas e salas de lecer, así como as publicacións básicas, que permitan desenvolver de forma satisfactoria os cursos de formación previstos.

2. O provedor de formación deberá ter actualizada documentalmente toda a información relacionada coa formación e a súa avaliación, e dispor dos elementos apropiados para manter a seguridade dos ditos documentos.

3. No caso de que os ditos documentos se manteñan mediante un sistema informático, este debe reunir as condicións descritas anteriormente. Nestas circunstancias, o provedor de formación disporá dos instrumentos adecuados para a impresión e reprodución do dito material para o uso dos alumnos en formación ou suxeitos a instrución e do persoal de formación. Calquera dereito de reprodución e copia necesario para cumprir con este requisito será responsabilidade do provedor de formación.

Artigo 15. *Sistema de xestión da calidade.*

1. Para os efectos previstos no artigo 30, letra d), do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, o sistema de xestión da calidade do provedor de formación deberá:

a) Definir unha política de calidade orientada a garantir e satisfacer as expectativas dos alumnos en formación ou suxeitos a instrución.

b) Establecer programas de garantía da calidade que prevexan procedementos destinados a certificar que todas as operacións se levaron a cabo de conformidade co previsto nos requisitos, normas e procedementos aplicables.

c) Demostrar o funcionamento do sistema de calidade mediante manuais e documentos de supervisión.

d) Nomear representantes que controlen e supervisen o cumprimento dos requisitos e a súa adecuación, co fin de garantir que se cumpre o establecido.

e) Efectuar revisións do sistema de calidade implantado e adoptar, se for o caso, un plan de medidas correctoras.

2. Considerarase unha proba de cumprimento suficiente un certificado EN ISO 9001, que cubra os servizos de formación do provedor, expedido por unha organización debidamente acreditada. O provedor de formación mostrará a documentación do sistema de xestión da calidade relacionada coa certificación á Axencia Estatal de Seguridade Aérea, se así o solicita esta última.

Artigo 16. *Financiamento e seguros.*

1. Para os efectos previstos no artigo 30, letra e) do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, o provedor de formación deberá:

a) Dispor dun estudo económico que garanta a viabilidade económica e financeira do proxecto, e asegure a continuidade da formación.

b) Dispor dun estudo económico en que se identifique a cobertura mínima exixible para asegurar a responsabilidade civil do provedor polos danos causados aos alumnos en formación e a terceiros.

c) Acreditar que se dispón dun seguro suscrito cunha entidade aseguradora debidamente rexistrada coa cobertura mínima establecida na letra anterior.

2. A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, se for o caso, cos informes previos que considere pertinentes poderá acordar a ampliación do seguro previsto na letra c) do número anterior, ata a cobertura necesaria para dar cumprimento á responsabilidade civil do provedor.

CAPÍTULO IV

Profesores e avaliadores*Sección 1.^a Profesores de formación e instrutores***Artigo 17. *Requisitos comúns aos profesores.***

1. Ademais dos requisitos previstos nos artigos seguintes, os profesores de formación e os instrutores deberán demostrar que coñecen a estrutura e obxectivos do curso e do plan de formación que impartan.

2. Logo de autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, nos termos establecidos na sección 2.^a, os profesores e instrutores poderán, tamén, realizar tarefas de avaliación da formación que impartan.

3. Os profesores e instrutores estarán suxeitos á valoración da súa competencia por métodos de avaliación continua mediante os procedementos establecidos polo provedor de formación. Se a avaliación realizada non fose satisfactoria, deberán ser apartados das súas tarefas de formación ata que o resultado da avaliación sexa satisfactorio.

O provedor de formación deberá establecer os procedementos de recuperación oportunos para aplicar o disposto no parágrafo anterior.

Artigo 18. *Requisitos específicos de profesores de formación inicial e de profesores de formación de instrutores.*

1. Os profesores de formación inicial, básica ou de habilitación, e os profesores de formación de instrutores poderán impartir a dita formación sen necesidade de ser titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo, sempre que, de conformidade co establecido nesta orde, a súa capacitación e experiencia profesional e pedagóxica nas materias que vaian impartir resulte acreditada pola súa titulación académica ou por seren titulares dunha licenza aeronáutica acorde coa formación que vaian impartir.

2. Os profesores de formación inicial de habilitación que proporcionen a dita formación en simulador deberán ser titulares dunha licenza de controlador aéreo e estar ou ter estado en posesión dunha habilitación e, se for o caso, dunha anotación de habilitación en postos de traballo correspondentes ás posicións do simulador.

Artigo 19. *Requisitos específicos de profesores da formación de unidade de transición previa á formación práctica de traballo.*

Os profesores de formación de unidade de transición previa á formación práctica de traballo deberán ser titulares dunha licenza de controlador aéreo e estar ou ter estado en posesión dunha habilitación e, se for o caso, dunha anotación de habilitación en postos de traballo correspondentes aos existentes na unidade.

Artigo 20. *Requisitos específicos dos instrutores.*

1. Os instrutores deben ser titulares dunha licenza de controlador de tránsito aéreo cunha anotación de unidade en vigor, que será na que poidan impartir formación, salvo nos casos previstos na sección 3.^a

2. Os instrutores que impartan formación en simulador deben completar un número específico mínimo de horas impartindo formación durante os doce meses inmediatamente anteriores á data de expiración das súas anotacións de instrutor, ben sexa con tráfico real nas unidades definidas ou en simulador na habilitación ou habilitacións para as cales sexan competentes, co fin de que se valore para a renovación das ditas anotacións de instrutor.

O número mínimo de horas a que se refire o parágrafo anterior especificarase no manual de instrución que recollerá, así mesmo, os procedementos para dar cumprimento a esta obriga.

3. Os provedores de formación deberán garantir que os instrutores designados para impartir formación superaron con éxito os programas de formación recollidos no artigo 35, e que foron declarados aptos.

Sección 2.^a Examinadores ou avaliadores

Artigo 21. Requisitos comúns, cometidos e responsabilidade dos examinadores ou avaliadores.

1. Os examinadores ou avaliadores da formación deben ser autorizados pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea. Estas autorizacións terán unha validez de tres anos, e poderanse renovar por iguais períodos de tempo.

2. O examinador ou avaliador da formación deberá:

a) Demostrar que coñece a estrutura e obxectivos do curso ou do plan de formación, así como os métodos de avaliación empregados.

b) Contar, polo menos, cun ano de experiencia en tarefas de formación no ámbito en que vaia realizar tarefas de avaliación no momento inmediatamente anterior a ser autorizado como examinador, ou, noutro caso, ser autorizado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por proposta motivada do provedor de formación, durante o proceso de certificación.

3. Os examinadores ou avaliadores do provedor de formación serán responsables de:

a) Avaliar os distintos tipos de formación para os que está autorizado.

b) Integrar todas as probas de avaliación para establecer unha valoración da formación.

c) Custodiar os resultados das avaliacións durante o tempo que especifiquen os procedementos administrativos establecidos polo provedor de formación.

d) Informar das carencias e/ou insuficiencias observadas, de acordo co plan de formación inicial ou de unidade.

Artigo 22. Requisitos específicos de examinadores ou avaliadores de formación inicial.

O examinador ou avaliador da formación inicial de habilitación en simulador debe ser titular dunha licenza de controlador de tránsito aéreo e dispor ou ter disposto da habilitación e anotación de habilitación adecuada á formación de habilitación que debe avaliar.

Artigo 23. Requisitos específicos dos examinadores ou avaliadores de formación de unidade de transición previa á formación práctica de traballo.

1. O examinador ou avaliador da formación de unidade de transición previa á formación práctica de traballo debe ser titular dunha licenza de controlador de tránsito aéreo e dispor ou ter disposto da habilitación e anotación de habilitación das existentes na unidade en que é autorizado para a dita avaliación, salvo nos casos previstos na sección 3.^a

2. En caso de que o avaliador sexa transferido a outra unidade deberá cumprir cos criterios establecidos no número anterior antes de poder realizar avaliacións na nova unidade.

Artigo 24. Requisitos específicos de examinadores ou avaliadores de formación de unidade práctica de traballo.

1. O examinador ou avaliador da formación de unidade práctica de traballo debe ser titular dunha licenza de controlador de tránsito aéreo en vigor e da habilitación e anotación de habilitación e de unidade vixentes respecto da unidade a que é autorizado para a dita avaliación, salvo nos casos previstos na sección 3.^a

2. En caso de que o avaliador sexa transferido a outra unidade deberá cumprir cos criterios establecidos no número anterior antes de poder realizar avaliacións na nova unidade.

Sección 3.^a Supostos especiais de formación de unidade

Artigo 25. Formación de unidade en casos de cambio de prestador de servizos de tránsito aéreo ou inicio na prestación de servizos.

1. Cando se produza un cambio de prestador de servizos de control de tránsito aéreo, en diante prestador de servizos, ou se inicie por primeira vez a prestación do servizo nunha determinada unidade, o novo prestador de servizos designado deberá estar certificado como provedor de formación práctica de traballo e contar entre o seu persoal con controladores de tránsito aéreo cunha anotación de instrutor en vigor.

2. O novo prestador de servizos designado deberase dotar dun plan de transición de formación ou de inicio de formación, elaborado por un provedor de formación certificado, en que se aborden todas as necesidades de formación precisas para garantir a prestación segura, eficaz e continuada dos servizos de control de tránsito aéreo.

3. O plan de transición ou de inicio de formación deseñarase conforme o previsto nesta sección e incluirá, como mínimo, os procedementos e mecanismos habilitados para asegurar a formación do persoal do prestador de servizos, incluída a súa familiarización cos equipamentos e instalacións, identificando todas aquelas actuacións que, nos casos de cambio de prestador, requiran a participación do prestador saínte.

4. Durante a fase de transición ou de inicio da prestación, comprendida desde o día seguinte á data da designación do novo prestador de servizos ata a data en que se produza a prestación efectiva do servizo de control de tránsito aéreo sen restricións, realizarase a formación dos controladores de tránsito aéreo cunha anotación de instrutor en vigor designados polo provedor de servizos entrante co fin de que obteñan as anotacións de unidade precisas para a instrución do persoal que deba prestar servizos de control de tránsito aéreo na unidade ou unidades en que se vai producir a substitución.

Artigo 26. Instrución e avaliación dos instrutores nos supostos de cambio de prestador de servizos.

1. Logo dos acordos necesarios entre os prestadores de servizos implicados, o prestador de servizos que vaia ser substituído será responsable de instruír e avaliar os instrutores a que se refire o artigo 25.4, conforme o plan de formación de unidade do dito prestador.

2. Cando non sexa posible a instrución e avaliación dos instrutores conforme o previsto no número anterior, o novo prestador de servizos designado poderá solicitar a autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, coa debida antelación e xustificación, para que a avaliación ou exame da instrución de unidade sexa levada a cabo por outros examinadores autorizados de unidades de servizos de tránsito aéreo (ATS) similares de calquera provedor de formación certificado de acordo coa Directiva 23/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2006, relativa á licenza comunitaria de controlador de tránsito aéreo.

3. Cando a instrución e avaliación completa dos instrutores non sexa posible por calquera dos procedementos previstos nos números anteriores, o disposto neles poderase complementar ou substituír por unha formación baseada na autoformación, familiarización e simulación dos instrutores e examinadores entrantes, que será aprobada ou establecida pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

Artigo 27. Instrución e avaliación dos instrutores nos supostos de inicio da prestación de servizos.

Naqueles supostos en que se produza a posta en servizo dunha nova unidade ATS, o prestador de servizos deberá establecer un plan de formación de unidade que poderá

estar baseado na autoformación, familiarización e simulación adecuada ás características da unidade dos instrutores e examinadores que conforman a unidade, que será aprobado ou establecido pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea.

CAPÍTULO V

Manual de instrución, plans e cursos de formación

Artigo 28. *Procedementos.*

1. O provedor de formación deberá contar con procedementos, que inclúan programas de formación, que aseguren que os profesores de formación inicial, os profesores de formación de unidade de transición previa á formación práctica de traballo, os instrutores, os profesores de formación de instrutores e os examinadores ou avaliadores da formación cumpren cos requisitos establecidos nesta orde e alcanzan e manteñen a cualificación e experiencia exixida para a formación que, en cada caso, vaian impartir.

2. Así mesmo, o provedor de formación debe establecer un procedemento interno a través do cal os alumnos en formación ou suxeitos a instrución poidan impugnar o resultado dunha avaliación.

Artigo 29. *Manual de instrución.*

1. O manual de instrución do provedor de formación debe conter:

a) A metodoloxía que se seguirá na determinación do contido, organización e duración dos plans de formación inicial, de unidade e de formación de instrutores, segundo proceda, incluíndo a forma de avaliación e de realización de exames.

b) Os plans de formación, de conformidade co establecido neste capítulo e no anexo I, número 2.

c) Os procedementos e métodos a que se refire o artigo anterior.

d) A relación dos profesores de formación nas súas diferentes modalidades, e a súa cualificación.

e) Unha lista dos examinadores ou avaliadores responsables da avaliación de cada tipo de formación e a súa cualificación.

f) Unha declaración asinada polo xefe de formación en que este acredite que o curso cumpre cos requisitos exixidos nesta orde.

g) Unha declaración, asinada polo xerente responsable, en que se confirme que o manual de instrución recolle a conformidade por parte do provedor de formación cos requisitos e procedementos exixidos.

No anexo I, número 2, establécese a estrutura que deberá ter o manual de instrución.

2. O manual de instrución permitirá ao provedor de formación acreditar que:

a) O curso proposto proporciona a formación adecuada para que os alumnos en formación ou suxeitos a instrución alcancen os obxectivos previstos.

b) O programa do curso contén a metodoloxía, organización e duración apropiadas. Nel inclúranse as normas polas que se organizarán os exames e avaliacións.

Para a formación inicial, estes programas preverán expresamente a política de validacións do provedor, mediante o cal se eximirán os profesionais aeronáuticos con formación específica, entre outros pilotos, enxeñeiros ou enxeñeiros técnicos, de superar aquela parte ou partes dos cursos en que a formación impartida coincide coa xa adquirida polo profesional aeronáutico para o desempeño das súas funcións.

c) O equipamento é o adecuado para o curso de formación proposto.

d) O provedor de formación conta cos procedementos apropiados para asegurar que o curso cumpre cos requisitos establecidos.

e) O provedor de formación mantén documentados os cambios que afecten os cursos, xa sexan estes temporais ou permanentes, así como dos motivos que levaron aos ditos cambios.

Artigo 30. Conservación de documentación.

1. Os documentos que demostren que os alumnos e suxeitos a formación ou instrución completaron de maneira satisfactoria a formación de que se trate deberaos gardar o provedor de formación mediante copias de seguridade.

2. O provedor de formación deberá conservar e custodiar todos os documentos de formación e avaliación dos alumnos en formación ou suxeitos a instrución durante os cinco anos seguintes á finalización do curso en cuestión, de acordo co procedemento correspondente, e serán facilitados á Axencia Estatal de Seguridade Aérea cando esta os requira.

Artigo 31. *Mantemento e revisión dos cursos e plans de formación.*

1. Os provedores de formación deben contar con procedementos apropiados para manter e revisar, polo menos anualmente, os cursos e plans de formación, co fin de asegurar que a formación cumpre cos requisitos establecidos no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, e nesta orde.

2. A análise dos cursos e plans de formación realizarase coa aplicación dos seguintes métodos:

a) Seguimento do progreso dos alumnos en formación ou suxeitos a instrución, co fin de identificar habilidades adicionais ou coñecementos que sexan susceptibles de ser impartidos no curso.

b) Consulta cos prestadores de servizos de control de tránsito aéreo certificados, coa excepción dos casos que afecten provedores de formación de unidade e de formación continua que estean certificados conxuntamente como prestadores de servizos de tránsito aéreo e provedores de formación.

c) Mediante consulta ao sector non previsto na letra anterior.

Artigo 32. *Contido do plan de formación inicial básica.*

Os plans de formación inicial básica deberán conter as materias que se impartirán, baseadas nos requisitos para a obtención da licenza de alumno controlador de tránsito aéreo, previstas no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro.

O contido mínimo que deben desenvolver os ditos plans de formación é o previsto no anexo I, número 4.

Artigo 33. *Contido do plan de formación inicial de habilitación.*

Os plans de formación inicial de habilitación axustaranse ao contido mínimo, segundo proceda, establecido no anexo I, número 5.

Artigo 34. *Contido do plan de formación de unidade.*

1. Toda unidade de control de tránsito aéreo debe dispor dun plan de formación de unidade que conteña, en particular, unha descrición dos medios que permitan alcanzar os obxectivos de formación establecidos para esa unidade.

2. A formación de unidade subdivídese en dúas fases: de transición, previa á formación práctica de traballo e formación práctica de traballo, descritas no anexo I, número 3.

3. Os plans de formación de unidade deben detallar os procedementos e o calendario necesarios para facer posible a aplicación dos procedementos dunha unidade a unha área baixo a supervisión dun instrutor.

4. O plan de formación de unidade estará completamente documentado e indicará:

a) Os obxectivos da formación.

b) Os procedementos de formación que permitirán lograr os ditos obxectivos.

c) O procedemento de avaliación mediante o cal se cualificará o progreso dos suxeitos a formación ou instrución.

d) O procedemento mediante o cal se valorará que a formación en unidade resultou satisfactoria.

5. O provedor de formación acreditará que o alumno suxeito a instrución alcanzou os obxectivos establecidos para a primeira fase de formación antes de que se lle permita comezar a seguinte fase.

6. O plan de formación de unidade terá en conta a estrutura básica recollida no anexo I, número 3.

Artigo 35. *Plan de formación de instrutores.*

O provedor de formación de instrutores deberá establecer un plan de formación de instrutores en que figuren as materias recollidas en anexo I, número 6.

Artigo 36. *Plan de capacitación de unidade.*

1. No plan de capacitación de unidade o provedor de formación, ademais do previsto no artigo 19.1 do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, incluírá os requisitos para o mantemento anual das anotacións de unidade en vigor, especificando o número mínimo de horas de traballo que hai que realizar para manter as anotacións da unidade, así como o tempo máximo en que un controlador que non preste servizos na unidade pode manter as anotacións de unidade.

2. Os valores temporais mencionados anteriormente deberanse xustificar razoadamente no plan de capacitación de unidade e quedarán subscritos polo máximo responsable operativo do provedor de formación.

Disposición adicional única. *Formación de unidade en casos de substitución no desempeño de funcións operativas de control de tránsito aéreo por razón da idade.*

1. A substitución no desempeño de funcións operativas de control de tránsito aéreo por razón da idade irá precedida dun período de transición destinado á formación práctica de traballo do controlador de tránsito aéreo ou alumno controlador de tránsito aéreo que vaia substituír o controlador que cese por idade.

2. O provedor de servizos de tránsito aéreo deberá comunicar aos controladores de tránsito aéreo que deban cesar no desempeño de funcións operativas de control de tránsito aéreo por razóns de idade a data de inicio do período de transición, cunha antelación de, polo menos, 30 días.

O período de transición terá a duración adecuada para asegurar a formación do controlador ou alumno controlador que vaia asumir as súas funcións e garantir a continuidade e seguridade na prestación do servizo.

3. Durante o período de transición, os controladores de tránsito aéreo que vaian cesar nas súas funcións operativas cuxa licenza conteña unha anotación de instrutor, ademais de realizar as súas funcións operativas están obrigados a instruír en formación práctica de traballo o controlador de tránsito aéreo ou alumno controlador de tránsito aéreo que vaia asumir as súas funcións.

Noutro caso, deberán prestar toda a súa colaboración para facilitar a formación do controlador de tránsito aéreo ou alumno controlador de tránsito aéreo que vaia asumir as súas funcións, evitando calquera conduta que a poida obstruír, dificultar ou atrasar.

Disposición transitoria primeira. *Alumnos suxeitos a formación ou instrución de provedores de formación non certificados.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea recoñecerá a formación proporcionada polos provedores de formación non certificados que actualmente prestan servizos de formación e a daqueles que continúen prestando os ditos servizos durante o ano seguinte á entrada en vigor desta orde.

As licenzas de controlador de tránsito aéreo emitidas pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea con base na formación realizada polos provedores de formación a que se refire o parágrafo anterior deberán ser trocadas conforme os requisitos e procedementos que fixe a resolución da Axencia Estatal de Seguridade Aérea prevista na disposición transitoria primeira, número 1, do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, para a troca das licenzas, habilitacións e anotacións expedidas pola Dirección Xeral de Aviación Civil ao abeiro do Real decreto 3/1998, do 9 de xaneiro, sobre o título profesional aeronáutico civil e licenza de controlador de tránsito aéreo.

Disposición transitoria segunda. *Certificación de provedores de formación con promocións en curso.*

A formación, instrución e avaliación dos controladores de tránsito aéreo e alumnos controladores realizada durante o período establecido pola disposición transitoria cuarta do Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, poderá ser considerada pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea como adecuada para a obtención das licenzas, habilitacións e anotacións previstas no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, sempre que o provedor de formación que a imparta sexa certificado pola Axencia Estatal de Seguridade Aérea no dito prazo e o plan de formación conforme o que se realizou unha parte significativa da formación, instrución e avaliación se axuste ao previsto nesta orde.

Disposición transitoria terceira. *Controladores de tránsito aéreo en idade de cesamento no desempeño de funcións operativas no momento da entrada en vigor desta orde.*

Os controladores de tránsito aéreo que durante un período transitorio de 8 meses desde a entrada en vigor desta orde deixasen ou vaian deixar de desempeñar funcións operativas por razón da idade, deberán realizar cantas accións sexan necesarias para que o proceso de substitución e formación do controlador ou alumno controlador que deba asumir as súas funcións resulte seguro, eficaz e con garantía na continuidade do servizo, sen que en ningún caso as ditas actuacións transitorias se poidan estender máis aló do citado período de 8 meses.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística.*

O artigo 12.1 da Orde FOM/896/2010, do 6 de abril, pola que se regula o requisito de competencia lingüística, queda redactado como segue:

«1. Poderán ser avaliadores do nivel de competencia lingüística os pilotos ou controladores de tránsito aéreo que teñan anotado nas súas licenzas o nivel experto (6) de competencia lingüística no idioma en que vaian avaliar, e os profesores de idiomas que recibisen a formación específica prevista no artigo 13.

Non obstante, poderán actuar como avaliadores do nivel operacional (4) os pilotos ou controladores de tránsito aéreo que teñan anotado nas súas licenzas o nivel avanzado (5) no idioma en que vaian avaliar.»

Disposición derradeira segunda. *Execución e aplicación.*

A Axencia Estatal de Seguridade Aérea, no ámbito das súas competencias, adoptará as resolucións necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde e establecerá os procedementos e cuestionarios de supervisión necesarios en relación coa obtención do certificado de provedor de formación.

Disposición derradeira terceira. *Circulares aeronáuticas.*

Mediante circular aeronáutica a Dirección Xeral de Aviación Civil, por proposta da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, poderá modificar o contido dos anexos a esta orde, adecuándoo aos requisitos que, de ser o caso, sexan de aplicación como consecuencia da entrada en vigor de normativa europea ou dos acordos ou tratados internacionais dos

cales o Estado español sexa parte, conforme o procedemento e cos límites previstos no artigo 8 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 5 de xullo de 2010.- O ministro de Fomento, José Blanco López.

ANEXO I

Requisitos de solicitude, manual de instrución, plans de formación e tratamento da certificación

Número	Asunto
1	Documentación mínima que se debe xuntar na solicitude de certificación.
2	Manual de instrución.
3	Contido básico do plan de formación de unidade xenérico.
4	Contido do plan de formación inicial básica.
5	Contido do plan de formación inicial de habilitación.
6	Contido do plan de formación de instrutores.

1. Documentación mínima que se debe xuntar á solicitude de certificación.–Xunto á solicitude, o interesado deberá presentar a seguinte documentación:

a) Unha declaración asinada polo director xeral (xerente responsable ou posición equivalente) en que confirme que a descrición da organización e toda a documentación referenciada asociada garante o cumprimento da organización cos requisitos establecidos no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro. Así mesmo, establecerase que a organización facilitará calquera información necesaria para a súa avaliación.

b) Os cargos e nomes dos directores da organización.

c) As obrigas e responsabilidades dos citados directores en relación coa implantación dos requisitos establecidos no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro.

d) Un diagrama da organización mostrando a cadea de responsabilidade nas áreas cubertas polos requisitos establecidos no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro.

e) Unha descrición xeral dos recursos humanos.

f) Unha descrición xeral das instalacións da organización.

g) Unha descrición detallada do alcance do traballo da organización relevante en relación co certificado solicitado.

h) O procedemento de notificación de cambios organizacionais na organización.

i) O procedemento para emendas da información facilitada na descrición da organización, e

j) Unha descrición completa dos medios e acordos establecidos pola organización para cumprir cos requisitos establecidos no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, incluíndo referencias detalladas dos principais documentos e manuais que os documentan.

2. Manual de instrución.–O manual de instrución elaborado polo provedor de formación deberá cumprir os requisitos establecidos neste número.

O documento deberá ser escrito cos parágrafos e páxinas numeradas seguindo a secuencia que se detalla a continuación.

Portada:

a) Nome do provedor de formación e, se é diferente, nome(s) e enderezo(s) do(s) centro(s) de formación para os cales aplica a solicitude;

- b) Título da proposta;
- c) Número de versión;
- d) Data do documento.

Introdución: o provedor de formación deberá proporcionar unha guía do desenvolvemento dos cursos con detalles do persoal involucrado neles, e incluírá apoio operacional dos prestadores de servizos de navegación aérea ou calquera outro recurso profesional. Deberase incluír a seguinte información:

- a) Data proposta do inicio do curso.
- b) Obxectivo didáctico do curso.
- c) Número de cursos previstos por ano.
- d) Número máximo e mínimo de alumnos ou suxeitos a formación ou instrución previstos por curso.
- e) Número de posicións de simulador dispoñibles por curso.
- f) Número de horas de simulación por alumno.
- g) Número de exercicios de simulación por alumno.

Conformidade: o provedor de formación deberá mostrar o cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro, e nesta orde. Ademais, a exposición deberá conter as declaracións asinadas previstas no artigo 29.1, letras f) e g).

O manual de instrución deberá conter, segundo se aplique:

- a) Plans de formación inicial, de formación de unidade, de capacitación de unidade e de formación de instrutores.
- b) Un horario de clases e exercicios prácticos para o curso, incluíndo detalles sobre estudo persoal dos alumnos suxeitos a formación ou instrución. O horario tamén deberá recoller as reunións cos alumnos suxeitos a formación ou instrución relativas aos exercicios prácticos de simulación.

O horario mencionado deberá permitir á Axencia Estatal de Seguridade Aérea identificar a contribución de cada unha das leccións dentro do curso, ben sexan teóricas ou prácticas, co fin de determinar se se cumpren os requisitos establecidos nesta orde.

- c) A planificación das leccións, en que se mostre o seu contido, o seu obxectivo, e os métodos empregados para a avaliación aos alumnos suxeitos a formación ou instrución.
- d) Detalles dos exercicios prácticos de simulación, en que se mostre como se incrementa a complexidade e a densidade de tráfico a medida que transcorre o curso, así como os obxectivos do exercicio.
- e) O plan de avaliación, que recolla algúns exemplos representativos de avaliacións.

Persoal: débense recoller os seguintes detalles relativos ao persoal involucrado nos cursos:

- a) Nome.
- b) Materias do curso en que o persoal de instrución estará involucrado, mostrando se estas estarán enfocadas á formación teórica, práctica ou a ambas.
- c) Responsabilidades adicionais respecto ao curso ou outros cursos, como por exemplo designación de responsable do curso.
- d) Experiencia no desenvolvemento do curso.
- e) Designación do xefe de formación, os seus datos e as súas responsabilidades relativas á instrución.
- f) Calquera outra información relevante.

3. Contido básico do plan de formación de unidade.

Alcance: o plan de formación de unidade deberá ter unha estrutura básica que conteña os mínimos precisos para satisfacer os criterios de aprobación da Axencia Estatal de Seguridade Aérea expostos a continuación, polo que é considerada de utilidade no proceso

de certificación dos provedores de formación de unidade, aínda que non determina a estrutura do plan de formación de unidade ou o procedemento para o seu desenvolvemento.

Contido do plan de formación de unidade:

- a) Introducción e páxinas de contidos.
- b) Plan de formación de unidade xenérico.
- c) Sección 1: organización da formación e responsabilidades do persoal.
- d) Sección 2: estrutura do plan de formación e calendarios.
- e) Sección 3: adestramento en circunstancias excepcionais e emerxencias aéreas.
- f) Sección 4: avaliacións.
- g) Sección 5: rexistros de formación.

Esta sección incluíra a totalidade dos rexistros de formación de cada un dos alumnos suxeitos a instrución e cubrirá todas as fases do plan de formación de unidade. Os rexistros e as avaliacións de todas estas fases teña que ter un formato común.

Descrición das fases que conforman o plan de formación de unidade:

a) Fase de transición previa á formación práctica de traballo: consistente nunha parte teórica que terá por obxectivo afondar nos coñecementos que posúe o alumno suxeito a instrución sobre materias como o Regulamento da circulación aérea ou equivalente, e sobre calquera outra normativa de carácter xeral cuxo coñecemento sexa indispensable en relación coa anotación de unidade que se solicita, así como aquelas materias específicas relacionadas co ámbito das atribucións e responsabilidades conferidas á unidade.

Poderá existir, dependendo da complexidade da unidade que se trate, unha parte que se realizará en simulador, e terá por obxectivo a familiarización do alumno suxeito a instrución co uso do radar, equipamentos e procedementos operativos, de forma que se adquira suficiente formación e competencia previa ao paso á aplicación práctica con tráfico real.

Ao finalizar esta fase, o alumno suxeito a instrución deberá superar un proceso de avaliación.

b) Fase de formación práctica de traballo: durante esta fase, o alumno suxeito a instrución prestará, nun ambiente operacional real, o servizo de control que corresponda á unidade a que se aplique a futura anotación, sempre baixo a supervisión dun instrutor.

O alumno suxeito a instrución deberá superar unha avaliación final para ter acceso á anotación de unidade.

4. Contido do plan de formación inicial básica.—O plan de formación inicial básica deberá conter as seguintes materias:

- a) Introducción ao curso.
- b) Dereito de aviación.
- c) Xestión do tránsito aéreo, incluídos os procedementos de coordinación civil e militar.
- d) Meteoroloxía.
- e) Navegación.
- f) Aeronaves e principios de voo, incluída a comprensión entre o controlador de tránsito aéreo e o piloto.
- g) Factores humanos.
- h) Equipamentos e sistemas.
- i) Ámbito profesional.
- j) Seguridade e cultura da seguridade.
- k) Sistemas de xestión da seguridade.
- l) Situacións inusuais e de emerxencia.
- m) Sistemas degradados.
- n) Coñecementos lingüísticos, incluída a fraseoloxía radiotelefónica.
- o) Procedementos nacionais de seguridade para a aviación civil.

A seguir detállanse os contidos que deberá conter cada unha das materias:

a) Introducción ao curso

- I. Xestión do curso.
- II. Introducción ao curso de formación ATC.
- III. Introducción ao futuro do controlador de tránsito aéreo.
- IV. Condicións do servizo.
- V. Seguridade física.

b) Dereito de aviación:

- I. Introducción.
- II. Organizacións internacionais.
- III. Organizacións nacionais.
- IV. Lexislación nacional e internacional.

c) Xestión do tránsito aéreo:

- I. Xestión do tránsito aéreo.
- II. Radiotelefonía.
- III. Autorizacións e instrucións ATC.
- IV. Coordinación.
- V. Altimetría e asignación de niveis de voo.
- VI. Métodos de separación de aeronaves e mínimas.
- VII. Evasión de colisións e redes de seguridade.
- VIII. Visualización de datos

d) Meteoroloxía:

- I. Introducción.
- II. Atmosfera.
- III. Procesos atmosféricos.
- IV. Fenómenos meteorolóxicos.
- V. Aplicación de información meteorolóxica.

e) Navegación:

- I. Introducción.
- II. A Terra.
- III. Mapas e cartas aeronáuticas.
- IV. Navegación aplicada.
- V. Radionavegación.

f) Aeronaves:

- I. Introducción.
- II. Principios do voo.
- III. Motores de aviación.
- IV. Instrumentos de voo.
- V. Categorías e tipos de aeronaves.
- VI. Factores que afectan as actuacións das aeronaves.
- VII. Datos das aeronaves.
- VIII. Comprensión entre o controlador de tránsito aéreo e o piloto.

g) Factores humanos:

- I. Introducción.
- II. Comportamentos humanos.

- III. Erros humanos.
 - IV. Comunicación.
 - V. Ambiente de traballo.
 - h) Equipamentos e sistemas:
 - I. Xeral.
 - II. Radio.
 - III. Outros sistemas de comunicación voz.
 - IV. Radar.
 - V. Sistema de guía e control do movemento na superficie (SMGCS).
 - VI. Vixilancia dependente automática.
 - VII. Equipamentos futuros.
 - VIII. Informatización.
 - IX. Automatización na provisión de servizos de navegación aérea.
 - X. Posicións de traballo.
 - i) Ámbito profesional:
 - I. Familiarización.
 - II. Usuarios do espazo aéreo.
 - III. Relación cos clientes.
 - IV. Protección ambiental.
 - j) Seguridade e cultura da seguridade:
 - I. Sistema de notificación de sucesos.
 - II. Contribución da experiencia na xestión da seguridade.
 - III. Rama de investigación na seguridade.
 - k) Sistemas de xestión de seguridade:
 - I. Sistemas de detección de colisións en aire. «ACAS».
 - II. Sistemas de detección de colisións en terra. «SAFETY NETS».
 - l) Situacións inusuais e de emerxencia:
 - I. Mellora das habilidades.
 - II. Procedementos en situacións inusuais e de emerxencia.
 - m) Sistemas degradados:
 - I. Degradación de equipamento de comunicacións.
 - II. Degradación de equipamento de navegación.
 - n) Coñecementos lingüísticos:
 - I. Fraseoloxía radiotelefónica.
 - o) Procedementos nacionais de seguridade para a aviación civil:
 - I. Protección física das instalacións de navegación aérea, determinación de niveis de protección e designación de infraestruturas críticas.
 - II. Protección de datos e información aeronáutica.
 - III. Medidas que hai que tomar en caso de aviso de explosivo ou apoderamento ilícito de aeronaves.
5. Contido do plan de formación inicial de habilitación.–O plan de formación inicial de habilitación desenvolverá as habilitacións e anotacións de habilitación contidas no Real decreto 1516/2009, do 2 de outubro.

Para a elaboración do plan de formación e para cada unha das habilitacións mencionadas teranse en conta as seguintes materias e habilidades cuxo desenvolvemento se considera necesario e esencial para levar a cabo funcións de control de tránsito aéreo:

- a) Manter o coñecemento do contorna e situación.
- b) Toma de decisións en accións de control.
- c) Comunicación de accións.
- d) Provisión de accións de planificación e coordinación.
- e) Provisión de accións de control.
- f) Provisión de información relevante a pilotos.
- g) Provisión de asistencia ás aeronaves en situacións anormais.
- h) Provisión de xestión de tráfico aéreo táctica.
- i) Asegurar e manter a integridade da posición de control.
- j) Construción mental do escenario e situación de tráfico aéreo.
- k) Uso apropiado da información de plans de voo.
- l) Asegurar unha coordinación adecuada.
- m) Xestionar o tráfico aéreo pertencente á área de responsabilidade asignada.

6. Contido do plan de formación de instrutores.—O plan de formación de instrutores deberá conter as seguintes materias, baseadas no establecido para o curso de instrutores de formación práctica de traballo de Eurocontrol (ATCO Development Training: OJTI Course):

- a) Introducción.
- b) O provedor de formación:
 - I. O plan de formación inicial.
 - II. O plan de formación unidade.
 - III. Estrutura da formación en unidade.
 - IV. Regulamentación.
- c) Factores humanos:
 - I. Ensinando e aprendendo.
 - II. Equipos e interaccións entre equipos.
 - III. A comunicación.
 - IV. O instrutor no posto de traballo.
 - V. O estrés.
- d) Técnicas de instrución no posto de traballo:
 - I. O briefing.
 - II. A demostración.
 - III. O talk through.
 - IV. A monitorización.
 - V. O debriefing.
- e) Avaliación na formación práctica de traballo:
 - I. Avaliación.
 - II. Elaboración de informes.

ANEXO II

SOLICITUDE PARA A CERTIFICACIÓN DE PROVEDORES DE FORMACIÓN DE CONTROLADORES DE TRÁNSITO AÉREO

APPLICATION FOR THE CERTIFICATION OF AN ATC TRAINING ORGANISATION

Solicitud para certificación inicial

Application for Initial Certification

Solicitud para cambios

Application for Change

1. Nombre del solicitante

1. Registered Name of Applicant

2. Nombre de la actividad comercial (si es diferente)

2. Trading Name (if different)

3. Dirección

3. Address

Población

CP

City

Postal Code

4. Datos de contacto

4. Contact Details

Nombre

Name

Telf

Fax

Correo electrónico

e-mail

SOLICITUDE PARA A CERTIFICACIÓN DE PROVEDORES DE FORMACIÓN D CONTROLADORES DE TRÁNSITO AÉREO

APLICACION FOR THE CERTIFICATION OF AN ATC TRAINING ORGANISATION

5. Nombre del director general

(o posición equivalente dentro de la organización)

5. Name of Chief Executive Officer

(or equivalent position within the organisation)

6. Firma del director general

(o posición equivalente dentro de la organización)

6. Signature of Chief Executive Officer

(or equivalent position within the organisation)

7. Lugar y fecha

7. Place and Date

(Lugar)
(Place)

(Fecha)
(Date)

8. Descripción de la organización (marque lo que corresponda)

8. Organisation Exposition (tick as appropriate)

Solicitud para certificación inicial

Application for Initial Certification

Se adjuntan tres copias con la descripción de la organización junto con esta solicitud

Three copies of the organisation exposition are forwarded together with this application form

Solicitud para cambios

Application for Change

Se adjuntan tres copias con las páginas modificadas de la anterior descripción de la organización junto con esta solicitud

Three copies of the pages modified in the previous organisation exposition are forwarded together with this application form

10. Detalle y descripción del alcance de los servicios para los que la/los certificación/cambios es/son requerida/os

10. Detailed description of the scope of services for which Certification/Changes is/are requested

a) Utilice tantas páginas como sea necesario para completar la tabla.

a) Use as many attached pages as necessary to complete the table.

b) Utilice los tipos de formación, sus partes y anotaciones como aparecen en la tabla provista a continuación por la NSA para describir el alcance de la formación para cuya certificación puede ser requerida/otorgada.

b) Use the types of training, their parts and endorsements as they appear in the following table provided by the NSA to describe the scope of training for which certification can be requested/granted.

Tipo de certificado Type of certificate	Parte Part	Anotación Endorsement

ANEXO III

Tipos de formación de controlador de tránsito aéreo

Tipo de certificado	Tipo de formación	Parte	Anotación
Inicial	Básica	N/A	N/A
	Habilitación	Control de aeródromo visual (ADV)	N/A
		Control de aeródromo instrumental (ADI)	Torre de control (TWR) Control de movementos en terra (GCM) Vixilancia de movementos en terra (GMS) Control aéreo (AIR) Control radar de aeródromo (RAD)
		Control de aproximación por procedementos (APP)	N/A
		Control de vixilancia de aproximación (APS)	Radar (RAD) Radar de precisión para a aproximación (PAR) Aproximación con radar de vixilancia (SRA) Vixilancia dependente automática (ADS) Control terminal (TCL)
		Control de área (APP)	N/A
		Control de vixilancia de área (ACS)	Radar (RAD) Vixilancia dependente automática (ADS) Control terminal (TCL) Control oceánico (OCN)
	Instrutor	N/A	N/A
Unidade	Unidade	N/A	Unidades definidas
	Instrutor	N/A	N/A
Continua	Continua	N/A	Unidades definidas
	Instrutor	N/A	N/A